

II CERTAME

Coreografíate

COLABORA:



ORGANIZA:



I.- ORGANIZACIÓN

O Certame Coreografíate da AS-PG é un evento organizado e xestionado pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega nun apoio á música realizada en galego como forma de comunicación e divulgación da lingua e música galega. As coreografías gañadoras daranse a coñecer no enderezo <http://bitaculas.as-pg.gal>

II.- TEMÁTICA

As coreografías deberán ser realizadas tomando como base un tema musical en galego do xénero que sexa. No vídeo enviado deberá constar o título e o grupo creador dese tema.

III. NORMAS DE PARTICIPACIÓN

1. Os vídeos poderán enviarse por wetransfer a informacion@as-pg.gal ou en DVD. O formato de exportación debe ser preferentemente .mp4, .mov ou .avi. No caso de ser en DVD deberán enviarse ou presentarse no enderezo:

**Asociación Socio-Pedagóxica Galega
Coreografía
Rúa Laracha, 9 baixo
15010 A Coruña**

2. Prazo: os vídeos deberán ser recepciónadas na AS-PG antes das 14 horas do 21 de novembro de 2022.

3. Cada participante poderá presentar un máximo de tres obras.

4. O material enviado ao inscribirse non será devolto.

5. Os vídeos participantes poderán ser difundidos a través da páxina web da AS-PG e das súas redes sociais.

6. As gravacións nas que aparezan menores de idade, terán que ir acompañadas do permiso dos e das responsables legais de ditas persoas menores de idade.

IV. CATEGORÍAS

1. Categoría xeral Mellor Coreografía.
2. Categoría Mellor Coreografía Centros de Ensino.

V. PREMIOS

1. Categoría xeral

- Premio á Mellor Coreografía dotado de 300 €.
- 2º Premio dotado con 200 €+ Diploma.

2. Categoría Centros de Ensino

- 1º Premio, dotado cun lote de Cds, 200 € e Diploma.
- 2º Premio, dotado cun lote de Cds, 150 € + Diploma.

VI. INSCRICIÓN

Os/As participantes deberán enviar a seguinte documentación:

- * Ficha de inscrición con todos os campos cubertos. No caso de presentar máis dunha coreografía deberanse enviar tantas fichas como obras.
- * Na Categoría Xeral fotocopia do DNI da persoa responsable.
- * Na Categoría Centros de ensino, fotocopia do DNI do director ou directora do centro.
- * Ficha de inscrición web <http://bitaculas.as-pg.gal/wp-content/uploads/2021/10/fichacoreografiate-1.pdf>
- * Poderá ser enviada por correo electrónico a informacion@as-pg.gal ou a

**Asociación Socio-Pedagóxica Galega
Coreografíate
Rúa Laracha, 9 baixo
15010 A Coruña**

VII. XURADO

A AS-PG, como entidade organizadora deste evento, nomeará un xurado que designará os traballos gañadores. Calquera cuestión referida á interpretación e aclaración das bases corresponde á Organización, non cabendo contra ela ningunha reclamación. O ditame do xurado é inapelable.

IX. RESPONSABILIDADE

A persoa representante da coreografía será a única responsable legal da mesma.

A participación neste certame supón a aceptación plena destas bases.